

# **SELECCIÓN LEXISLATIVA: NORMATIVA DE APLICACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**(OUTUBRO 2004 - XANEIRO 2005)**

Venancio Graña Martínez  
CEIP Víctor López Seoane

## **1. ALUMNOS**

### **1.1. Bolsas e axudas**

Orde do 11 de outubro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas ao estudo de carácter especial, durante o curso académico 2004-2005, para estudantes non universitarios matriculados en centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, como medida para facer fronte ás consecuencias do accidente do buque *Prestige* (DOG, 15/10/04).

Resolución do 4 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Cooperación Territorial e Alta Inspección, pola que se publican as relacións dos alumnos que resultaron beneficiarios das axudas para adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para os niveis obrigatorios da ensinanza, para o curso 2004-2005 (BOE, 25/11/04).

Orde do 15 de decembro de 2004 pola que se resolve a convocatoria de axudas ao estudo de carácter especial, durante o curso académico 2004-2005, para estudantes non universitarios matriculados en centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, como medida para facer fronte ás consecuencias do accidente do buque *Prestige* (17/12/04).

## **2. CENTROS PÚBLICOS**

### **2.1. Cambio de denominación**

Orde do 14 de setembro de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación

do instituto de educación secundaria número 1 de Pontedeume (A Coruña) (DOG, 11/10/04).

Orde do 27 de setembro de 2004 pola que se autorizan os cambios de denominación dos institutos de educación secundaria número 2 de Vigo (Pontevedra) e o número 1 de Pontearreas (Pontevedra) (DOG, 21/10/04).

Orde do 30 de setembro de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP número 2 de Vilaxoán (Pontevedra) (DOG, 26/10/04).

Orde do 11 de novembro de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do instituto de educación secundaria de Guitiriz (Lugo) (DOG, 03/12/04).

### **3. CENTROS PRIVADOS**

#### **3.1. Concertos educativos**

Orde do 6 de outubro de 2004 pola que se modifica a do 5 de agosto de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de agosto) pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados para as ensinanzas de educación infantil para o curso académico 2004-2005 (DOG, 27/10/04).

Orde do 1 de decembro de 2004 pola que se modifica a Orde do 27 de xullo de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de agosto), relativa aos concertos educativos cos centros docentes privados (DOG, 10/12/04).

Orde do 10 de xaneiro de 2005 pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos a partir do curso académico 2005-2006 (DOG, 14/01/05).

Orde do 10 de xaneiro de 2005 pola que se regula o réxime de concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil en centros docentes privados para o curso académico 2005-2006 (DOG, 14/01/05).

#### **3.2. Programas de garantía social**

Resolución do 30 de setembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se autorizan os programas de garantía social en centros privados e institucións sen ánimo de lucro, que figuran nos anexos I e II, respectivamente, para o curso 2004-2005 (DOG, 03/11/04).

Resolución do 9 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se autoriza o programa de garantía social de operario de viveiros e xardíns no centro privado Agarimo de Arteixo (A Coruña), para o curso 2004-2005 (DOG, 02/12/04).

## **4. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

### **4.1. Avaliación**

Orde do 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1318/2004, do 28 de maio (DOG, 22/10/04). Corrección de erros (DOG, 17/11/04).

## **5. FORMACIÓN PROFESIONAL**

### **5.1. Currículos de ciclos formativos**

Decreto 283/2004, do 11 de novembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión e organización de empresas agropecuarias (DOG, 13/12/04).

Decreto 284/2004, do 18 de novembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos (DOG, 16/12/04).

Decreto 318/2004, do 16 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en servizos ao consumidor (DOG, 14/01/05).

Decreto 321/2004, do 22 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en preimpresión en artes gráficas (DOG, 18/01/05).

Decreto 325/2004, do 29 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en impresión en artes gráficas (DOG, 27/01/05).

### **5.2. Programas de garantía social**

Resolución do 4 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se modifica a autorización dos programas de garantía social en centros públicos para o curso académico 2004-2005 (DOG, 18/11/04).

### **5.3. Axudas**

Orde do 10 de novembro de 2004 pola que se conceden axudas a alumnos e alumnas que inician durante o curso 2004-2005 ensinanzas de formación profe-

sional específica de grao medio, en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral. Axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (DOG, 17/11/04).

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas para alumnos e profesores de formación profesional de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, que participen en estadias en empresas de ámbito transnacional (cofinanciadas polo Fondo Social Europeo) (DOG, 23/12/04).

#### **5.4. Premios extraordinarios**

Orde do 19 de outubro de 2004 pola que se convocan premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2003-2004 (DOG, 27/10/04).

Resolución do 12 de novembro de 2004, das direccións xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2003-2004 (DOG, 25/11/04).

#### **5.5. Formación profesional continua**

Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión Galega de Formación Profesional Continua (DOG, 25/01/05).

### **6. BACHARELATO**

#### **6.1. Premios extraordinarios**

Resolución do 9 de setembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2003-2004 (DOG, 07/10/04).

Resolución do 11 de novembro de 2004, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se adxudican os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2003/2004 (BOE, 02/12/04).

Resolución do 1 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2003-2004 convocados pola Orde do 1 de xullo de 2004 (DOG, 09/12/04).

## **7. ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL**

### **7.1. Ensinanzas de música e danza**

Real decreto 2194/2004, do 25 de novembro, polo que se crea a especialidade de dulzaina no grao medio das ensinanzas de música e se establecen os elementos básicos do currículo desta especialidade (BOE, 13/12/04).

### **7.2. Ensinanzas deportivas**

Orde ECI/3224/2004, do 21 de setembro, pola que se establecen validacións para efectos académicos entre determinadas ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais no ámbito da actividade física e do deporte coas correspondentes do bloque común de técnicos deportivos establecidas polo Real decreto 1913/1997, de 19 de decembro (BOE, 08/10/04). Corrección de erros, Orde ECI/3341/2004, do 8 de outubro (BOE, 15/10/04).

### **7.3. Conservatorios**

Orde do 7 de setembro de 2004 pola que se autoriza a posta en funcionamento do conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela (DOG, 04/10/04).

Decreto 246/2004, do 14 de outubro, polo que se crea o conservatorio elemental de música de Cambados (Pontevedra) (DOG, 26/10/04).

Orde do 2 de novembro de 2004 pola que se prorroga a autorización a conservatorios de música de titularidade municipal para impartir, con carácter provisional durante o ano 2004-2005, os graos elemental e/ou medio das ensinanzas de música establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (DOG, 18/11/04).

### **7.4. Escolas de música**

Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se autoriza a inclusión da escola de música municipal de Cabana de Bergantiños (A Coruña) no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 21/01/05).

## **8. EDUCACIÓN DE ADULTOS**

### **8.1. Axudas**

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se establecen axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2005, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (DOG, 23/12/04).

## **9. EDUCACIÓN ESPECIAL E ORIENTACIÓN EDUCATIVA**

### **9.1. Departamentos de orientación**

Resolución do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial (DOG, 04/01/05).

## **10. EDUCACIÓN NO EXTERIOR**

### **10.1. Asesores técnicos**

Orde ECI/2586/2004, do 13 de xullo, pola que se prorroga a permanencia en postos de asesores técnicos no exterior aos funcionarios docentes que foron seleccionados por Orde ECD/1220/2003, do 30 de abril (BOE, 31/07/04).

Orde ECI/3751/2004, do 20 de outubro, pola que se prorroga a permanencia no exterior dun asesor técnico na Consellería de Educación de Brasil (BOE, 17/11/04).

### **10.2. Axudas económicas**

Orde ECI/4336/2004, do 10 de decembro, pola que se conceden axudas económicas para a asistencia a actividades do persoal docente no exterior (BOE, 04/01/05).

### **10.3. Permanencia en postos no exterior**

Orde ECI/3752/2004, do 20 de outubro, pola que se prorroga a permanencia en postos no exterior a funcionarios docentes, seleccionados polo concurso de méritos convocado por Orde de 14 de febreiro de 2001 (BOE, 17/11/04). Corrixida pola Orde ECI/4248/2004, do 30 de novembro (BOE, 29/12/04).

#### **10.4. Prazas de auxiliares de conversación**

Orde ECI/4113/2004, do 1 de decembro, pola que se convocan prazas de auxiliares de conversación de lingua española en centros docentes de Austria, Bélxica, Canadá, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Nova Zelandia, Reino Unido, República Federal de Alemaña e Suíza (BOE, 15/12/04).

#### **10.5. Profesores visitantes**

Orde ECI/3891/2004, do 16 de novembro, pola que se convocan prazas para profesores visitantes en centros escolares dos Estados Unidos e Canadá, para o próximo curso 2005/2006 (BOE, 27/11/04).

Orde ECI/4380/2004, do 14 de decembro, pola que se convocan prazas para profesores visitantes en institutos de ensinanza secundaria e centros de formación profesional da República Federal de Alemaña, para o próximo curso 2005/2006 (BOE, 06/01/05).

### **11. INSPECCIÓN EDUCATIVA**

#### **11.1. Disposicións xerais**

Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se desenvolve o Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de educación na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 22/12/04).

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se aproba a tarxeta de identificación dos inspectores de educación (DOG, 31/12/04).

#### **11.2. Concurso de traslados**

Orde do 9 de outubro de 2004 pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa (DOG, 02/11/04).

#### **11.3. Oposicións**

Resolución do 28 de setembro de 2004 pola que se fai pública a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (DOG, 19/10/04).

Resolución do 14 de outubro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se procede a nomear e facer pública a composición dos tribunais que xulgarán

o procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (DOG, 22/10/04). Corrección de erros (DOG, 02/11/04).

Resolución do 21 de outubro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán o procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación na que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se fará a presentación dos aspirantes e tamén as datas, as horas e os lugares en que terán lugar a proba de coñecementos de lingua galega e o primeiro exercicio (primeira e segunda parte) (DOG, 29/10/04).

Resolución do 2 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (DOG, 08/11/04). Corrección de erros (DOG, 12/11/04).

Resolución do 22 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (DOG, 26/11/04).

Resolución do 13 de decembro 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (DOG, 03/01/05).

## **12. LINGUA GALEGA**

### **12.1. Actividades de formación**

Orde do 21 de xaneiro de 2005 pola que se anuncia a convocatoria de encontros, seminarios e actividades de formación e intercambios de experiencias para os responsables e os compoñentes dos equipos de normalización lingüística, e para o profesorado en xeral, dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 31/01/05).

Orde do 21 de xaneiro de 2005 pola que se anuncian cursos medios de linguaxe administrativa galega para o persoal das administracións públicas de Galicia (DOG, 31/01/05).

### **12.2. Axudas e subvencións**

Orde do 6 de outubro de 2004 pola que se modifica a do 5 de maio de 2004, que resolve o concurso público convocado na Orde do 5 de decembro de 2003



- que regula a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega (DOG, 20/10/04).
- Orde do 26 de novembro de 2004 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega (DOG, 03/12/04).
- Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega (DOG, 24/12/04).

### **12.3. Cursos de iniciación e perfeccionamento**

- Orde do 21 de xaneiro de 2005 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/01/05).
- Orde do 21 de xaneiro de 2005 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua e extensión cultural galega para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia (DOG, 28/01/05).
- Orde do 21 de xaneiro de 2005 pola que se anuncian cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega para mestres e profesores de primaria, secundaria, de ensinanzas especiais e de formación profesional, dos centros públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 28/01/05).

### **12.4. Proxectos de investigación**

- Orde do 29 de novembro de 2004 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de dez bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e se anuncia a súa convocatoria (DOG, 03/12/04).
- Orde do 3 de xaneiro de 2005 pola que se prorrogan 30 bolsas de colaboración nos distintos proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (DOG, 05/01/05).

### **12.5. Validacións**

- Orde do 21 de setembro de 2004 pola que se fai pública a validación do curso de especialidade en lingua galega (DOG, 14/10/04).
- Orde do 1 de decembro de 2004 pola que se fai pública a validación do curso de especialidade en lingua galega (DOG, 17/12/04).

## **13. ORGANIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**

### **13.1. Relación de postos de traballo**

Resolución do 26 de novembro de 2004 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de novembro de 2004, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 26/11/04).

Resolución do 17 de decembro de 2004 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2004, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 28/12/04).

## **14. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES**

### **14.1. Calendario escolar e laboral**

Resolución do 21 de decembro de 2004, complementaria da do 28 de outubro de 2004, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2005, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 26/01/05).

### **14.2. Premios e concursos**

Resolución conxunta do 21 de outubro de 2004, do Instituto Galego de Consumo e da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, para premiar as mellores memorias dos proxectos de educación do consumidor na escola desenvolvidos dentro do marco da Rede Europea de Educación do Consumidor e para a selección de novos proxectos presentados por centros educativos de niveis non universitarios, que desexen incorporarse á citada rede (DOG, 29/10/04).

Orde do 28 de decembro de 2004 pola que se resolve a concesión dos premios á innovación educativa a experiencias de promoción de condutas tolerantes e de mellora de convivencia convocados pola Orde do 18 de xuño de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 19 de xullo) (DOG, 17/01/05).

Orde ECI/4451/2004, do 16 de decembro, pola que se resolve o concurso nacional de proxectos de ideas para a mellora e innovación das bibliotecas dos centros escolares para o ano 2004, convocado por Orde ECI/3023/2004, do 8 de setembro (BOE, 12/01/05).

## **15. PARTICIPACIÓN E GOBERNO**

### **15.1. Consello Escolar de Galicia**

Decreto 268/2004, do 7 de outubro, polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia (DOG, 25/11/04).

Decreto 296/2004, do 9 de decembro, polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia (DOG, 22/12/04).

## **16. POSTOS DE TRABALLO**

### **16.1. Acceso ao corpo de profesores de ensino secundario**

Orde do 15 de setembro de 2004 pola que se modifica a do 30 de xullo de 2004, pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados por Orde do 16 de marzo de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de marzo), para ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 13/10/04).

Orde do 19 de outubro de 2004 pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso ao corpo de profesores de música e artes escénicas pola quenda especial prevista na disposición transitoria sétima da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 02/11/04). Corrección de erros (DOG, 10/01/05).

### **16.2. Concursos de traslados**

Orde do 19 de outubro de 2004 pola que se convoca concurso de traslados estatal entre funcionarios do corpo de mestres (DOG, 26/10/04).

Orde do 19 de outubro de 2004 pola que se convoca concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensinanza secundaria, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño (DOG, 02/11/04). Corrección de erros (DOG, 16/11/04).

Resolución do 26 de outubro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncian os postos de traballo vacantes que serán obxecto de provisión no

concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado pola Orde do 19 de outubro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de outubro). Corrección de erros (DOG, 03/11/04).

Orde do 28 de outubro de 2004 pola que se fan públicas as vacantes provisionais dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas ao servizo da Administración para o curso 2005-2006 (DOG, 12/11/04).

Resolución do 23 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se determina a composición das comisións ditaminadoras do concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, idiomas e ensinanzas artísticas (DOG, 11/01/05). Corrección de erros (DOG, 21/01/05).

### **16.3. Destinos provisionais**

Resolución do 23 de setembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional, para o próximo curso académico 2004/2005, en determinadas especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño (DOG, 01/10/04).

### **16.4. Orientación educativa**

Orde do 19 de outubro de 2004 pola que se convoca concurso de traslados específico entre os funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes desta consellería (DOG, 26/10/04).

### **16.5. Prazas de interinidades e substitucións**

Anuncio do 7 de outubro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario e no corpo de profesores de música e artes escénicas (DOG, 14/10/04).

Anuncio do 10 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades

de canto, fundamentos de composición, linguaxe musical, orquestra e percusión e no corpo de profesores técnicos de formación profesional especialidades equipos electrónicos e instalacións electrotécnicas (DOG, 19/11/04).

Anuncio do 24 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisórias do baremo aberto polo Anuncio do 7 de outubro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 14 de outubro), da Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de procesos e produtos en artes gráficas, entre outros (DOG, 01/12/04).

Anuncio do 13 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas do baremo aberto polo Anuncio do 7 de outubro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 14 de outubro), da Dirección Xeral de Persoal, para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de procesos e produtos en artes gráficas, entre outros (DOG, 07/01/05).

## **17. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO**

Orde do 16 de novembro de 2004 pola que se desenvolve o Decreto 200/2003, do 20 de marzo, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do rexistro telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán (DOG, 19/11/04).

## **18. PROFESORADO**

### **18.1. Formación e perfeccionamento**

Orde do 27 de setembro de 2004 pola que se resolve a convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2004 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica e as asociacións e fundacións con fins pedagóxicos (DOG, 19/10/04).

Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario (DOG, 27/01/05).

## **18.2. Retribucións**

Orde do 14 de xaneiro de 2005 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2005 (DOG, 21/01/05).

## **18.3. Xubilación anticipada**

Orde do 21 de decembro de 2004 pola que se regula a convocatoria para o ano 2005 da xubilación anticipada voluntaria conforme a disposición transitoria novena da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (DOG, 31/12/04).

## **19. PROGRAMAS EDUCATIVOS**

### **19.1. Estadías e intercambios**

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadías e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas (DOG, 23/12/04).

### **19.2. Programas da Unión Europea**

Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Unión Europea: Comenius 1: asociacións escolares transnacionais: 1.1. Proxectos escolares, 1.2. Proxectos lingüísticos, 1.3. Proxectos de desenvolvemento escolar. Acollida de axudantes lingüísticos. Visitas preparatorias. Comenius 2.2.: Bolsas individuais de formación: 2.2.A. Futuros profesores, 2.2.B. Axudantes lingüísticos, 2.2.C. Cursos de prácticas (formación continua do profesorado). Grundtvig: Grundtvig: 2. Asociacións de aprendizaxe, Grundtvig 3. Mobilidade para a formación do persoal docente e visitas preparatorias. Observación e innovación: visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación (DOG, 17/01/05).

### **19.3. Escolas viaxeiras**

Resolución do 27 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se seleccionan os centros desta comunida-

de autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras no ano 2005 (DOG, 18/01/05).

#### **19.4. Profesores visitantes**

Orde do 25 de outubro de 2004 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2005 (DOG, 11/11/04).

#### **19.5. Programa de leite e produtos lácteos**

Orde do 22 de outubro de 2004 pola que se actualizan os prezos máximos que deben pagar os alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos para o curso escolar 2004-2005 (DOG, 03/11/04).

### **20. TÍTULOS**

#### **20.1. Equivalencias e validacións**

Orde ECI/3224/2004, do 21 de setembro, pola que se establecen validacións para efectos académicos entre determinadas ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais no ámbito da actividade física e do deporte coas correspondentes do bloque común de técnicos deportivos establecidas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro (BOE, 08/10/04). Corrección de erros, Orde ECI/3341/2004, do 8 de outubro (BOE, 15/10/04).

Orde ECI/3296/2004, do 4 de outubro, pola que se establece o curso de nivelación de coñecementos previstos no Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración da equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de Diplomado en Educación Social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto (BOE, 14/10/04).

### **21. UNIVERSIDADE**

#### **21.1. Disposicións xerais**

Decreto 234/2004, do 23 de setembro, polo que se autoriza o cambio de denominación da Facultade de Ciencias Empresariais do campus de Ourense, da Universidade de Vigo, que se pasará a denominar Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (DOG, 04/10/04).

- Decreto 235/2004, do 23 de setembro, polo que se autoriza o cambio de denominación da Escola Superior da Mariña Civil, da Universidade da Coruña, que se pasará a denominar Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (DOG, 04/10/04).
- Orde do 4 de outubro de 2004 pola que se autoriza a posta en funcionamento de ensinanzas nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG, 13/10/04).
- Resolución do 16 de setembro de 2004 pola que se crea un ficheiro de datos de ofertantes e solicitantes de vivenda para estudantes nesta universidade (DOG, 18/10/04).
- Orde do 2 de novembro de 2004 pola que se lle concede ao centro estranxeiro universitario adscrito á Universidade de Dublín, Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia. Cesuga, S.L.-University College Dublín, autorización para a efectiva impartición do primeiro curso correspondente ao título Bachelor of Architecture, conforme o sistema vixente noutro país (DOG, 29/11/04).
- Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro, pola que se ditan normas para a aplicación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos estranxeiros de educación superior (BOE, 15/11/04).
- Decreto 313/2004, do 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello Galego de Universidades (DOG, 03/01/05).
- Resolución do 7 de decembro de 2004 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios (DOG, 13/01/05).

## **21.2. Premios fin de carreira**

- Orde do 25 de novembro de 2004 pola que se resolve a concesión de premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para os alumnos que remataron os seus estudos universitarios no ano 2004, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG, 02/12/04).

## **21.3. Axudas, bolsas e subvencións**

### *A) Publicadas no Boletín Oficial do Estado*

- Orde ECI/3954/2004, do 24 de novembro, pola que se establecen as bases e se fai pública a convocatoria de bolsas de formación en avaliación educativa, no Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo (BOE, 01/12/04).



- Orde ECI/4064/2004, do 29 de novembro, pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas do Programa Sócrates da Unión Europea para o ano 2005 (BOE, 10/12/04).
- Resolución do 14 de decembro de 2004, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se adxudican subvencións con cargo á contribución complementaria ás universidades para o desenvolvemento do Programa Comunitario Erasmus (BOE, 12/01/05).
- Resolución do 23 de decembro de 2004, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se publica a subvención concedida aos créditos solicitados por estudantes universitarios convocados por Resolución do 17 de xuño de 2004, para o curso 2004-2005 (BOE, 12/01/05).
- Resolución do 30 de decembro de 2004, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden axudas para a mobilidade de estudantes universitarios «Séneca» para o curso académico 2004-2005, en substitución das renuncias producidas entre os bolseiros de nova concesión da convocatoria 2004 (BOE, 18/01/05).
- Resolución do 22 de decembro de 2004, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se lles conceden subvencións ás universidades receptoras de bolseiros do Programa Séneca para o curso 2004-2005 (BOE, 18/01/05).
- Resolución do 29 de decembro de 2004, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se renovan bolsas de posgraao do Programa Nacional de Formación de Profesorado Universitario para o ano 2005, das convocatorias de 2000, 2001, 2002 e 2003 (BOE, 26/01/05).
- Resolución do 11 de xaneiro de 2005, da Dirección Xeral de Investigación, pola que se conceden axudas complementarias para estancias breves en España e no estranxeiro correspondentes aos bolseiros predoutorais de formación de persoal investigador (BOE, 31/01/05).

*B) Publicadas no Diario Oficial de Galicia*

- Orde do 1 de outubro de 2004 pola que se fai pública a resolución das bolsas e axudas ao estudo de carácter especial para estudantes galegos, descendentes de galegos ou con residencia familiar en Galicia que cursen estudos universitarios de primeiro ou segundo ciclo no curso 2004-2005, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas convocada pola Orde do 26 de febreiro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 12 de marzo) (DOG, 11/10/04).

- Orde do 25 de novembro de 2004 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 11 de xuño de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xuño) e se fai pública a concesión de axudas aos estudantes universitarios galegos ou descendentes de galegos que cursen os seus estudos nalgunha universidade do Sistema Universitario de Galicia, así como para aqueles que cursen os seus estudos nalgunha universidade de fóra do Sistema Universitario de Galicia, interesados en solicitar os créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de primeiro ciclo e primeiro e segundo ciclo, e prorrogar os concedidos na convocatoria anterior (DOG, 02/12/04).
- Orde do 25 de novembro de 2004 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 11 de xuño de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xuño) e se fai pública a concesión de axudas aos estudantes universitarios galegos ou descendentes de galegos que cursen os seus estudos nalgunha universidade do Sistema Universitario de Galicia, así como para aqueles que cursen os seus estudos nalgunha universidade de fóra do Sistema Universitario de Galicia, interesados en solicitar os créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de terceiro ciclo e prorrogar os concedidos na convocatoria anterior (DOG, 02/12/04).
- Orde do 25 de novembro de 2004 pola que se fai pública a orde pola que se resolve a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG, 02/12/04). Corrección de erros (DOG, 17/12/04).
- Orde do 29 de novembro de 2004 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 11 de xuño de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xuño) e se fai pública a concesión de bolsas de residencia para a realización de estudos universitarios de 1º, 1º e 2º ou 3º ciclo, no curso 2004-2005, en centros do Sistema Universitario de Galicia, destinadas aos galegos e aos seus descendentes que teñan a súa residencia familiar en territorio nacional fóra da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/12/04).